

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

'A DESAPARICIÓN DA NEVE'

Rivas volve á poesía 'na procura do maletín de Walter Benjamin'

Presenta os seus poemas en galego, castelán, euskera e catalán, nunha edición que inclúe un cd no que o de Montealto le ao son de Pulpíño Viascón.

Marcos S. Pérez - 20:00 15/04/2009

Engadir á relación de efectos subtraídos (...) a Walter 9mm. do capitán Líster e a pluma de Machado/ o maletín de Walter Benjamin/ o xersei de la vermella do prisioneiro Gurkanov en Kolimá/ os dentes da infancia de Ángel González/a espiga que medraba na man de Maruja Mallo. É un fragmento so poema 'O subtraccionismo', unha "antivanguardia", para [Rivas](#), unha lista aberta de elementos roubados, como roubado foi o sentido de moitas palabras. Rivas sabe, como Van Dijk, a ideoloxía que reside na linguaxe e na vitoria que supón impoñer o sentido das verbas.

"O gran lema dunha cultura crítica sería 'Temos que atopar o maletín de Walter Benjamin'", aquel que o filósofo marxista, que "decidiu morrer" en Portbou acosado por nazis e colaboracionistas franceses, consideraba máis importante que a súa propia vida. Rivas regresa á poesía seis anos despois de *Do descoñecido ao descoñecido* cunha obra que recolle a súa produción recente, uns corenta poemas que aparecen publicados en Alfaguara nas catro linguas do Estado.

En [A desaparición da neve \(Alfaguara\)](#) Rivas asume o que el entende como "responsabilidade da cultura", procurar un "xiro copernicano" do "mal de ollo" que sofre "a ollada que a sociedade ten sobre moitos asuntos, por exemplo a pluralidade, e sobre todo a pluralidade de linguas, entendida como un mal e non unha riqueza". Na presentación do libro en Galiza, despois de que o martes o fixera en Madrid, Rivas denunciou novamente o "pensamento túzaro" imperante no Estado nos últimos tempos. É por iso que o carácter cuatrilingüe do libro quere funcionar como símbolo, como "poema de poemas". "As linguas deben estar en contacto carnal", concluíu.

Rivas reclámase como 'pel vermella', xornalismo e literatura 'indie' e india, máis aló da fronteira, e probándose a levita de Charlot, avanza con ese camiñar simultáneo, cun pé na razón e outra no desexo, no amor e na morte, na casualidade e na causalidade. Walter Benjamin dicía que paga a pena facer historia para buscar faíscas de esperanza. "Eu quedo con esas faíscas de esperanza", di.

A edición inclúe un cd no que Rivas recita catorce dos poemas do libro, acompañado pola música de

Pulpiño Viascón e César Morán. Son poemas combativos algúns, e poemas líricos outros, inzados "dunha saudade exenta de tristura", dedicados a persoas vivas ou que xa nos deixaron, como Marcos Valcárcel (*Existe outra saudade/ Existe o tren onde viaxa unha saudade/ desposuída*), Lois Pereiro (*En Ítaca estaban todos mortos*), Avilés de Taramancos (*Os homes falaban con bocados de fume (...) Había mulleres que pronunciaban cores*) ou Antón Mouzo (*Quería que os seus cadros fosen felices/ Ou máis ben/ portadores dunha saudade desposuída/ de tristura/ Talvez por iso o primeiro que reparou/ foi as cordas dos violíns*).

Escoita aquí tres dos poemas do libro-cd

Alalá:

Mayday:

Toque de oración:

["Nos medios de comunicación galegos a nosa literatura segue a ser algo exótico"](#) (Entrevista de M.Rivas en Vieiros en novembro)